

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A “REAL ACADEMIA DE MEDICINA E CIRURXÍA DE GALICIA”.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019

REUNIDOS

Dunha parte:

D. Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988 do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 17 de xullo, de conformidade co Decreto 41/2013, do 21 de febreiro (modificado por Decreto 111/2013, do 4 e xullo), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, así como no establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra:

Don José Carro Otero, actuando en nome e representación da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia con C.I.F. Q-1568005-A, (no sucesivo RAMCG) en uso das atribucións que lle confiren os estatutos aprobados o 29 de abril de 2004.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que, en materia de sanidade, lle corresponden á Xunta de Galicia de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril.

SEGUNDO.- A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia é unha corporación de dereito público que ten por finalidade principal a investigación no campo das ciencias médicas e afíns en beneficio do interese xeral, e inscrita no Rexistro Xeral de Academias de Galicia, tal como establece no Decreto 392/2003, de 23 de outubro que regula o exercicio pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de Academias de Galicia.

A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia ten como funcións principais: contribuír ao estudo e investigación das ciencias médicas e das ciencias afíns, promover o estudo das patoloxías na súa referencia médico-xeográfica galega, asesorar ás autoridades autonómicas en cuestións sanitarias, emitir os informes sobre medicina forense e saúde laboral que sexan solicitados polas autoridades, informar a cantos investigadores o requiran sobre cuestións sanitarias, científicas e bibliográficas, e conservar, actualizar e incrementar o seu patrimonio bibliográfico para favorecer a investigación e as relacións institucionais.

Ademais das funcións precedentes, que a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia desenvolve a través da organización de sesións científicas celebradas, de maneira habitual, na súa sede, dita Rexia Corporación, convoca tamén premios para estimular a investigación no ámbito das ciencias biomédicas; realiza ciclos de conferencias itinerantes para contribuír á educación sociosanitaria da poboación galega e publica obras expresivas da actividade precedente.

TERCEIRO.- Que consonte o Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre a asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de Academias e a súa asignación aos distintos departamentos da Xunta de Galicia, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia quedou adscrita á Consellería de Sanidade, correspondéndolle a esta o exercicio das funcións determinadas no xa citado Decreto 392/2003, do 23 de outubro, así coma outras inherentes á adscrición producida.

De conformidade coa normativa citada, correspondente á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución Española, e de desenvolvemento lexislativo e execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, Academias, que teñan o seu domicilio no territorio da Comunidade Autónoma, asumindo especificamente as referidas nos acordos alcanzados no contexto da declaración do Pleno da comisión bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia na sesión do día vintenove de setembro de dous mil tres, de recoñecemento de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia sobre, entre outras, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

CUARTO.- Que segundo declaración responsable da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia esta non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTO.- Por todo o exposto, faise precisa a cooperación, apoio e fomento da Consellería de Sanidade á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

En consecuencia, ámbalas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto do presente convenio a colaboración da Consellería de Sanidade no financiamento do funcionamento da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, para asegurar a contribución desta o estudo e investigación das ciencias médicas a través de accións e actividades científicas que esta corporación de dereito público ten recoñecidas nos seus estatutos e leva a cabo en beneficio do interese xeral.

SEGUNDA.- As accións e actividades científicas referidas compoñen a programación que a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia desenvolverá a longo de 2019 coa finalidade de contribuír ao progreso e a difusión do coñecemento das ciencias médicas, entre os profesionais sanitarios, así como a contribuír á educación socio-sanitaria da poboación en xeral. Dentro das accións previstas, acordes cos fins da propia institución, encádranse as seguintes:

- Realización de sesións científicas, ordinarias e extraordinarias, nas cales participarán hospitais, universidades e outras Reais Academias de Medicina, así como outras institucións. Dentro deste apartado inclúese a realización de congresos e simposios, de carácter nacional ou internacional, así como a convocatoria de premios de investigación.
- Publicacións. Ademais das preceptivas “Memorias Anuais”, e da edición dos “Discursos de Ingreso” dos seus membros Numerarios, a Academia desenvolve unha actividade editorial seriada moi ampla, contribuído tamén ao incremento e catalogación do patrimonio arquivístico-bibliográfico no eido sanitario.
- Exposicións.
- Outras actividades, como mesas redondas, sesións de intercambio con outras institucións médico colexiais e reais academias, ciclos e conferencias divulgativas, actividades en centros escolares en materias relacionadas coa saúde e a prevención, ou sesións científicas.

Nas actividades a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia comprométese a citar a colaboración da Consellería de Sanidade e a consensuar con ela toda publicación, informe ou

estudio que se realice coa actividade conveniada (aportando os exemplares que a Consellería de Sanidade lle demande) así como a facilitar o uso das súas instalacións ao persoal da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde, cando estes o requiran para actos de divulgación de interese sanitario.

TERCEIRA.- Dado o interese público, social, humanitario e económico das actividades obxecto deste convenio, e o seu carácter singular inherentes á propia existencia da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia segundo se recollen nos seus estatutos, non procede a realización de convocatoria pública.

CUARTA.- A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá presentar unha declaración do conxunto de todas as solicitudes de subvención efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade ante as administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

QUINTA.- Para o cumprimento deste Convenio, a Consellería de Sanidade comprométese a achegar a cantidade de TRINTA MIL EUROS (30.000 €), con cargo a aplicación orzamentaria 1201.411A.481.0 prevista nominativamente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

O pago desta subvención farase efectivo antes do 30 de decembro de 2019 previa presentación das xustificacións dos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2019, nos termos establecidos nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e 44 e seguintes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

En todo caso entre esta documentación deberá constar a seguinte:

- a) Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados no desenvolvemento das accións e actividades acordes coas funcións da RAMCG, así como dos pagamentos realizados.
- b) Declaración das actividades realizadas e financiadas co presente convenio con indicación do custo repercutido para a entidade.
- c) Certificación da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio.

Ao finalizar o ano, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá presentar unha memoria das actividades realizadas.

SEXTA.- A obtención desta subvención é compatible con outras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais e internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Así mesmo, a Consellería de Sanidade poderá requirir á devandita Academia calquera outro documento que considere necesario para a debida xustificación da axuda concedida.

SÉTIMA.- Serán causa de resolución, coa conseguinte obriga de reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, as seguintes:

- a) Incumprimento da obriga da xustificación.
- b) Obtención das cantidades previstas sen reunir os requisitos esixidos no convenio ou os esixibles segundo a normativa aplicable.
- c) Incumprimento do obxecto do convenio.
- d) Incumprimento total ou parcial das súas cláusulas, ou a alteración esencial do seu contido, sen contar coa autorización expresa da Consellería de Sanidade.
- e) Incumprimento das demais condicións previstas no convenio.

No caso de que o presente convenio se resolva por mutuo acordo das partes, aboaranse os gastos xustificadas durante a súa vixencia, sempre que resultan debidamente xustificadas.

OITAVA.- A subscrición do presente convenio non conleva relación contractual ningunha entre a Consellería de Sanidade e os profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio, de tal xeito por este concepto non se poderá esixir responsabilidades nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no su desenvolvemento.

NOVENA.- O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA.- Para control, seguimento e interpretación do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante da Consellería de Sanidade e outro representante da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, e co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, a Conselleira de Sanidade resolverá as distintas cuestións que foron obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

UNDÉCIMA.- A Consellería de Sanidade, a través dos seus servizos técnicos, controlará a realización da actividade conxeniada coa Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, e poderá formular ao respecto as obxeccións que estime pertinentes.

A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida no exercicio das súas funcións de control, a Consellería de Sanidade, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir co resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia adherirase as políticas de austeridade, eficiencia e mellora da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica, para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio na súa páxina web oficial e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

DÉCIMO TERCEIRA.- O prazo de vixencia do presente convenio comprende dende o día seguinte á súa sinatura ata o 31 de decembro do 2019.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data anteriormente indicados.

POLA CONSELLERÍA DE SANIDADE

**POLA REAL ACADEMIA DE
MEDICINA E CIRURXIA DE GALICIA**

Asdo.: Jesús Vázquez Almuiña

Asdo.: José Carro Otero